

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE XUÑO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2025.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Torre de Hércules (A Coruña).

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese Patricia García Sánchez como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Cándido Rial Rodríguez.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a María de los Ángeles Vázquez Suárez.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ordena a interposición do recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-lei 2/2025, de 18 de marzo, polo que se aproban medidas urxentes para a garantía do interese superior da infancia e da adolescencia ante situacións de continxencias migratorias extraordinarias, facultando ao efecto á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e designando con tal fin aos Letrados da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia As Carrozas do San Cidre (Boqueixón, A Coruña).
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Feira Tradicional dos Remedios (Ponteareas, Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Feira Cabalar do San Martiño de Francos (Teo, A Coruña).
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Semana Santa do Carballiño (Ourense).
- Acordo polo que se toma razón da próxima información pública do proxecto de explotación do contrato de concesión do servizo público de transporte público de uso xeral por estrada: XG843 - A Coruña – Ferrol –Ortigueira – Viveiro – Vilalba– Lugo, con anexos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2025. Importe: cento setenta e dous mil douscentos oitenta e un euros con oito céntimos (172.281,08€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba a modificación das bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para o ano 2025, coa que se introduce unha nova liña para financiar circulante a empresas galegas afectadas pola imposición de aranceis por parte dos EE.UU.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Mondoñedo (Lugo), para a xestión dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, por un importe de cento setenta e cinco mil douscentos setenta e un euros con trinta céntimos (175.271,30 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 63 vivendas de promoción pública (VPP), nas parcelas 2, 3A,3B e 3C do polígono 4 de Paradai, Lugo, por un importe de licitación de catrocentos un mil novecentos oitenta e tres euros con noventa e cinco céntimos (401.983,95€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Etranacogen Dezaparvovec para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de quince millóns seiscentos oitenta mil euros (15.680.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e o Clúster Saúde de Galicia, para a promoción desde o Clúster Saúde de Galicia do desenvolvemento e difusión da innovación en saúde de empresas do sector saúde e do sector sociosanitario, por importe de cen mil euros (100.000,00€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a eximir os beneficiarios da constitución de garantías no pagamento de anticipos, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2025-2026, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2025, por importe de cincocentos cincuenta e un mil novecentos trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (551.937,95€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC), para a realización do proxecto Caracterización do alimento de bivalvos de interese marisqueiro no intermareal da enseada de San Simón: dispoñibilidade, factores ambientais e ferramentas para a súa xestión (BIVALFOOD), para o período 2025-2027, por importe de douscentos trinta e catro mil seiscentos setenta e cinco euros (234.675,00 €)."

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe balance sobre o programa de axudas económicas dirixidas ás persoas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos no ano 2024.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a Plataforma Territorio Intelixente.
- Informe sobre a nova emisión de bonos sustentables da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Vía de alta capacidade (VAC) Tui - A Guarda. Enlace completo co polígono de Areas. Punto quilométrico (p.q.) 0+630, cun orzamento provisional dun millón cincocentos dezaioito mil seiscientos corenta e sete euros con noventa e sete céntimos (1.518.647,97 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia da obra Reparación dos danos na obra de drenaxe do p.q. 17+600 da estrada PO-331 en Gondomar, provincia de Pontevedra, por importe total de catrocentos noventa e cinco mil seiscientos setenta e un euros con cincuenta céntimos (495.671,50 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a campaña "Para gustos, cultura".

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización para o ano 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a aprobación dunha nova liña de axudas ás persoas produtoras de faba de Lourenzá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONCESIÓN DAS MEDALLAS CASTELAO 2025 A LUAR NA LUBRE, VÍCTOR FREIXANES, EMILIO PÉREZ NIETO, ROSA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ E ASOCIACIÓN AGAELA

- Rueda salienta que estes galardóns son un dos recoñecementos máis importantes que outorga a Comunidade
- A entrega terá lugar, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o nome dos cinco galardoados coas Medallas Castelao 2025, despois de que o Consello aprobase esta mañá concederlles ao grupo Luar na Lubre, ao escritor Víctor Freixanes, ao empresario Emilio Pérez Nieto, á médica de familia Rosa Rodríguez Álvarez e á Asociación Galega de Afectados de Esclerose Lateral Amiotrófica (Agaela). “Trátase dun dos recoñecementos máis importantes que outorga a nosa comunidade”, subliñou.

Rueda salientou que unha das medallas vai para o grupo Luar na Lubre, unha das bandas de música de raíz “máis internacional de Galicia” e que neste 2025 celebra o seu 40 aniversario. O presidente explicou que a agrupación, creada na Coruña en 1985, “é unha das mellores embaixadoras da música galega polo mundo” logo de vender máis de 400.000 discos e ofrecer máis de 2.000 concertos por 35 países.

No eido cultural tamén recibirá unha das Medallas Castelao 2025 o escritor e xornalista Víctor Freixanes, quen estivo á fronte da Real Academia Galega durante os últimos oito anos. “Trátase dunha das voces máis importantes da literatura galega das últimas décadas”, sinalou Rueda, que destacou que o autor compaxina a súa faceta literaria coa docencia na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, o Consello recoñece con esta distinción o labor do empresario Emilio Pérez Nieto, presidente honorífico do grupo Pérez Rumbao, líder no sector da automoción en Galicia con 50 compañías, 60 talleres e 1.900 empregados. O presidente destacou que se puxese á fronte da empresa familiar con só 23 anos –“convertíndoa en todo un referente”– e que contribuíse a dar voz ao tecido produtivo da Comunidade a través de diferentes entidades como a Confederación de Empresarios de Galicia, a Asociación Galega de Empresa Familiar ou o Foro Económico de Galicia.

Outras das medallas recae este ano na doutora Rosa Rodríguez Álvarez, en representación dos médicos de Atención Primaria de Galicia. Tras 35 anos exercendo no centro de saúde de Adormideras (A Coruña), acaba de iniciar a súa xubilación. O presidente asegurou que se trata dun bo exemplo da “dedicación e constancia” que caracteriza os profesionais do sistema sanitario galego.

E, por último, o Consello acordou tamén concederlle unha medalla a Agaela, entidade sen ánimo de lucro que traballa desde 2009 para visibilizar a enfermidade da ELA e mellorar a calidade de vida dos afectados. Na actualidade, a asociación dá apoio a máis de 130 familias de toda a Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario, deportivo, económico ou intelectual. "A gala de entrega terá lugar o vindeiro 28 de xuño, como todos os anos, coincidindo co aniversario da aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia e do regreso á nosa comunidade dos restos mortais de Castelao", explicou o presidente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A TORRE DE HÉRCULES ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL E APROBA O SEU PLAN DE CONSERVACIÓN CON MEDIDAS PARA OS PRÓXIMOS SEIS ANOS

- O Concello, como promotor e xestor do espazo, encargárase de executar e financiar con 379.000 € un paquete de actuacións dirixidas a conxugar a preservación dos principais valores naturais e culturais da zona cun uso público sustentable e respectuoso
- Entre as accións previstas destacan o proxecto para restaurar o hábitat de interese comunitario *Breixeiros secas europeas*, eliminando sendeiros que o fragmentan, e o plan de recuperación e protección dos Cantís costeiros con vexetación
- Tamén se loitará contra as especies exóticas invasoras, co deseño, execución e seguimento dun plan específico, e se instalará cartelaría interpretativa e novos sinais
- O ámbito incluído baixo esta figura de protección, cunha superficie total de 41,04 ha, abrangue desde a praia das Lapas, no extremo oeste, pasando polo contorno da propia torre, punta Herminia e Campo da Rata ata a cala das Adormideras, ao leste
- Trátase do segundo ENIL da cidade da Coruña, xunto co das Illas de San Pedro, que foi declarado en abril do ano 2020, e o sétimo de toda Galicia

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á declaración definitiva do espazo natural de interese local (ENIL) Torre de Hércules. coa aprobación do plan de conservación que durante os próximos seis anos establecerá as medidas que se van adoptar co obxectivo de preservar e protexer os seus principais valores naturais, culturais e ambientais.

Cómpre lembrar que os ENIL son unha das categorías en que se clasifican os espazos naturais protexidos en Galicia. Aínda que a declaración lle corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, é o Concello o que ten que presentar a solicitude para aqueles espazos integrados no seu municipio que considere merecentes dalgún tipo de protección dos seus valores naturais polas súas singularidades.

Neste sentido, o contorno da Torre de Hércules foi declarado espazo natural de interese local de xeito provisional a comezos do ano 2020 e a súa declaración definitiva quedou condicionada á presentación por parte do Concello da Coruña —como titular do espazo e responsable da súa xestión— do plan de conservación correspondente, cuxo decreto de aprobación recibiu esta mañá o visto e praxe por parte da Xunta.

Deste xeito, o Goberno local asume o compromiso de garantir a conservación das especies e hábitats que alberga este espazo e o seu uso público sustentable e respectuoso cunha serie de actuacións ás cales destinará 379.000 euros no período de vixencia do plan.

No marco da planificación prevista, cómpre destacar o proxecto de restauración do hábitat de interese comunitario *Breixeiros secas europeas*, eliminando sendeiros que o fragmentan e ampliando as comunidades de toxos e breixos característicos deste tipo de matogueira costeira que se adapta ás ondas, á elevada salinidade e ao escaso solo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destas zonas; e o plan de recuperación e protección dos *Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas*, outro hábitat de interese comunitario presente no ENIL e que primará, neste caso, a eliminación de especies exóticas invasoras como a *Carpobrotus sp.*

Así mesmo, entre as preto de 30 liñas de actuación que prevé o plan de conservación destacan tamén accións directas para a conservación da biodiversidade autóctona e para a mellora da paisaxe ou o deseño, execución e posterior seguimento dun plan de loita contra especies invasoras e alóctonas, con identificación xeorreferenciada destas.

Co fin de fomentar tamén a participación e implicar á cidadanía, prevese a realización de campañas divulgativas e visitas guiadas para incidir na sensibilización ambiental a través do fomento do coñecemento, así como a instalación de carteis interpretativos e de nova sinalización dentro do ámbito do ENIL, entre outras accións.

Valores paisaxísticos e ecolóxicos

O ENIL Torre de Hércules ocupa preto de 40 hectáreas e abrangue desde a praia das Lapas, que constitúe o seu extremo oeste, pasando polo contorno da propia torre, punta Herminia e Campo da Rata ata a cala de Adormideras, no seu extremo leste. O límite interior delimitase polo paseo marítimo e a senda que vai desde o antigo cárcere provincial ata a rotonda da Torre de Hércules, mentres que o seu límite exterior é o mar.

Malia tratarse dunha extensión reducida, o espazo conta con importantes valores paisaxísticos e ecolóxicos, e acolle unha abundante biodiversidade e elementos estruturais propios da paisaxe costeira galega.

De feito, destaca a existencia de queirogais secos acompañados de especies de flora como a *Armeria maritima* (herba de namorar) así como de pequenas pozas, permanentes e estacionais, nos rochedos litorais, lugares en que se poden atopar exemplares do anfibio *Discoglossus galganoi* (sapo pinto), estreitamente ligados a este tipo de ambientes.

Tamén é un ecosistema de interese o chamado rego da Lagoa, un pequeno curso fluvial natural que desemboca na praia das Lapas e favorece o crecemento de amieiros e salgueiros, un bosque de ribeira que contará tamén co seu propio plan de restauración.

Ademais, na zona poden observarse un gran número de aves (con máis de 50 especies identificadas, como o corvo mariño acristado), insectos e fungos, entre outros. Dentro dos insectos destaca a presenza da vacaloura (*Lucanus cervus*), entre os mamíferos a do ourizo (*Erinaceus europaeus*) e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*) e, no caso dos anfibios, tamén se constatou a presenza do sapo pinto nas pozas xa mencionadas.

Por último, entre os valores do contorno da Torre de Hércules cómpre destacar tamén a súa calidade paisaxística, xa que se trata dun dos mellores miradoiros naturais cara ao Atlántico e ás rías do Golfo Ártabro. Desde este espazo pódense ver a ría da Coruña e parte das rías de Betanzos e Ferrol, e forma unha unidade paisaxística que abrangue todo o contorno da Torre e na cal se presentan a flora e o océano case no mesmo plano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

7 ENIL en toda Galicia

Nos próximos días, o *Diario Oficial de Galicia* publicará tanto a orde pola que se declara este ámbito, de xeito definitivo, como espazo natural de interese local, como o decreto de aprobación do correspondente plan de conservación.

Deste xeito, o da Torre de Hércules convértese no segundo ENIL da cidade da Coruña. O outro é o das Illas de San Pedro, declarado en abril do ano 2020 e integrado por un conxunto de illotes de natureza granítica, cuxos baixos poden emerxer na baixamar formando parte da rasa costeira duns 8 km de ancho que percorre a provincia da Coruña.

En total, son sete os ENIL coN que conta Galicia: Xunqueira de Alba, o primeiro, xa que foi recoñecido no ano 2012; Loio-Ruxidoira, con declaración en 2013; Puzo do Lago, con aprobación definitiva en 2014; río Gafos, de 2019; complexo dunar e areal do Vao-Baluarte, declarado definitivamente en 2020, ademais dos dous xa citados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A CÁNDIDO RIAL COMO DIRECTOR XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DA CONSELLERÍA DO MAR

Na actualidade viña desempeñando a subdirección xeral de Valorización dos Produtos do Mar na dirección xeral que pasa a dirixir

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Cándido Rial Rodríguez como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar.

Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela, conta cun ampla formación en xestión internacional da empresa e dereito da Unión Europea, desenvolvendo a maior parte da súa carreira profesional no sector privado, en postos de dirección e xestión de comercio exterior e consultoría de internacionalización.

Cándido Rial é funcionario de carreira do corpo superior da Administración xeral da Xunta de Galicia, grupo A1, desde o 2022, ocupando os postos de xefe do Servizo de Asuntos Comunitarios na Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea entre abril de 2023 e xuño de 2024, ano en que pasaría a ocuparse da subdirección xeral de Valorización dos Produtos do Mar da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Cándido Rial tomará o relevo na dirección xeral que deixa Patricia García, ao fronte deste departamento desde xaneiro do 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ÁNGELES VÁZQUEZ SUÁREZ COMO DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONSELLERÍA DO MAR

Do 2017 ao 2021 ocupou a subdirección xeral de Acuicultura e ata maio exercía de xefa do Servizo Xurídico-Administrativo no Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Ángeles Suárez Vázquez como directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 1998, é funcionaria de carreira do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, desde o ano 2005.

Os seus inicios na administración autonómica están vencellados ao Instituto Galego de Consumo onde foi xefa do Servizo de información, Cooperación e Fomento ata o ano 2009. Desde o ano 2012 desenvolveu labores de carácter xurídico na Consellería do Medio Rural e do Mar, pasando no ano 2015 a tomar posesión do posto de xefa do Servizo de Planificación e Xestión da Acuicultura. No ano 2017 asumiu as labores da Subdirección Xeral de Acuicultura ata o 2021. Desde entón desempeñou funcións no Instituto de Estudos do Territorio, á fronte do Servizo Xurídico-Administrativo ata o pasado mes de maio.

Con carácter previo ao ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia estivo colexiada como avogada colaborando en despachos da cidade de Lugo e, posteriormente, en Navarra onde rematou a formación como avogada na Escola de Práctica Xurídica "Estanislao de Aranzadi" da Universidade Pública de Navarra, realizando funcións na Asesoría Xurídica do Concello de Pamplona.

Ánxeles Vázquez tomará o relevo na dirección xeral que ocupaba Marta Villaverde ata o seu nomeamento como conselleira do Mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CATRO NOVAS FESTAS DE BOQUEIXÓN, PONTEAREAS, O CARBALLIÑO E TEO SUMÁNSE ÁS 138 DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- Trátase das celebracións de Carrozas do San Cidre (Boqueixón); a Feira tradicional dos Remedios (Ponteareas); a Semana Santa do Carballiño (O Carballiño) e a Feira Cabalar do San Martiño de Francos (Teo)
- Coas novas incorporacións, en total serán 142 festas de interese turístico de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festas de interese turístico de Galicia para catro celebracións da Comunidade. Trátase da festa das Carrozas do San Cidre (Boqueixón); da Feira tradicional dos Remedios (Ponteareas); da Semana Santa do Carballiño (O Carballiño) e da Feira Cabalar do San Martiño de Francos (Teo).

Na declaración de cada evento valoráronse a creatividade e innovación da celebración dos eventos; o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos, e o adecuado coidado do contorno ou a afluencia de visitantes, entre outros. En abril, o Consello de Turismo -órgano de asesoramento na materia- informou favorablemente sobre estas celebracións.

A Semana Santa do Carballiño comezou a organizarse en 1893, ano en que se fundou a parroquia de San Cibrao do Carballiño. Ao longo do tempo desenvolveu características propias, como a forma de procesionar (dobre ombreiro ou falso costal) ou composicións musicais singulares. A isto súmaselle unha programación paralela, con actividades como exposicións e ciclos de conferencias, publicacións ou concertos de música sacra.

A festa das Carrozas de San Cidre, en Boqueixón, celébrase o primeiro domingo despois do 15 de maio -ou o mesmo 15 se cadra ese día-. Con medio século de historia, busca poñer en valor os traballos tradicionais do agro ao construír as carrozas de xeito artesanal, con materiais reciclados e do propio campo. Desde modo, tamén quere contribuír á difusión de antigos oficios. A gastronomía vinculada a estas tarefas constitúe outro dos elementos centrais da celebración.

Tamén a Feira tradicional dos Remedios de Ponteareas pon en valor o mundo rural e os oficios tradicionais. Neste caso, faíno a través da recreación da vida cotiá na primeira metade do século XX, axudando á promoción do produto artesan galego. Desenvólvese cada ano durante a primeira semana do mes de setembro.

A Feira Cabalar de San Martiño de Francos, en Teo, celébrase cada 11 de novembro. A súa orixe remóntase ao ano 1557, o que dá conta da súa capacidade de supervivencia ao longo do tempo. Especializada en gando equino, hoxe en día é unha das citas principais neste sector, con compravenda de cabalos, maquinaria agrícola, artesanía, téxtiles e complementos relacionados coa práctica equina e os produtos da terra de outono. A feira desenvólvese nunha carballeira de gran riqueza, situada no Camiño Portugués. Unha vez aprobadas hoxe no Consello da Xunta, a declaración de cada unha das festas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* nas vindeiras semanas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOMETE A INFORMACIÓN PÚBLICA A CONCESIÓN DE TRANSPORTE REGULAR QUE INCORPORARÁ A LIÑA CONECTA ENTRE FERROL E LUGO CON 28 NOVOS SERVIZOS SEMANAIS

- A nova Liña Conecta reduce a unha hora e 30 minutos a duración total das viaxes nunha conexión que rexistra máis de 2.600 desprazamentos diarios por estrada
- O contrato prolongarase ata 2030 e incorpora un autobús máis para incrementar máis de 1.400 circulacións ao ano

O Consello da Xunta acordou someter a información pública o anteproxecto da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada A Coruña-Ferrol- Ortigueira-Viveiro-Vilalba-Lugo. Na nova licitación prevese, por unha banda, a continuidade dos servizos actualmente prestados e, por outra, a introdución de melloras en varias liñas da concesión, así como tamén a creación da Liña Conecta Ferrol-As Pontes-Lugo. Trátase da nova Liña Conecta da rede de autobuses interurbanos impulsada polo Goberno galego co obxectivo de reforzar as conexións directas entre as principais cidades de Galicia.

Coa nova Liña Conecta entre Ferrol e Lugo con parada nas Pontes, a Xunta dará resposta ás demandas para reforzar o transporte público nestas conexións, con máis servizos e menor tempo de viaxe, unha medida esencial para fomentar o uso do autobús entre a cidadanía. Ao tempo, a nova licitación mantén os servizos actuais entre os máis de 70 concellos que abarca.

Os novos servizos directos reducen a unha hora e 30 minutos a duración total da viaxe e ofrecen unha alternativa máis atractiva para esta conexión na cal se rexistran máis de 2.600 desprazamentos diarios por estrada.

Co impulso das Liñas Conecta e o incremento de servizos entre as principais cidades de Galicia, a Xunta avanza na mellora continua do transporte colectivo como elemento fundamental para progresar cara a un modelo de mobilidade sustentable na Comunidade.

Os servizos da nova Liña Conecta realizarán unha parada no concello das Pontes de García Rodríguez, atendendo ao volume de desprazamentos entre Ferrol e As Pontes, onde se realizan máis de medio millón de desprazamentos por estrada ao ano. O proxecto establece na Liña Conecta catro novos servizos ao día de luns a domingo, dous por sentido, engadindo 28 servizos máis á semana.

A implantación destes servizos directos entre Ferrol, As Pontes de García Rodríguez e Lugo sumará máis de 1.400 circulacións anuais con respecto á actual concesión e supón un incremento do 133% dos servizos entre Ferrol e Lugo. Ademais, o aumento da oferta dispoñible suporá a incorporación dun autobús máis na concesión, ata 11.

A maiores destes municipios, a concesión, cuxa vixencia se prevé estender ata 2030, inclúe outros 68 concellos: A Capela, A Coruña, Aranga, As Somozas, Bergondo,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Betanzos, Boimorto, Cabanas, Cedeira, Cerdido, Curtis, Fene, Frades, Mañón, Melide, Mesía, Moeche, Narón, Neda, O Pino, Oleiros, Ortigueira, Oza-Cesuras, Pontedeume, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado e Vilasantar, así como os lugueses de Abadín, Barreiros, Begonte, Burela, Cervo, Chantada, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, O Vicedo, Ourol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Rábade, Ribadeo, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove. En Ourense, a concesión atende os concellos da Peroxa, Carballo, Coles, Ourense e Vilamarín, e en Pontevedra, Agolada e Lalín.

Ademais dos novos servizos para a Liña Conecta entre Ferrol, As Pontes de García Rodríguez e Lugo, a nova concesión recollerá outras dúas modificacións: a prolongación dunha liña desde Oza-Cesuras a Betanzos ata Curtis e un cambio de horario da expedición Santiago de Compostela-Guitiriz-Burela, tras recibir unha petición por parte do Concello de Mondoñedo, o que permitirá que o alumnado de Mondoñedo que cursa estudos en Foz, Burela e Xove poida empregar o dito servizo tras a finalización das clases.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO, DESAMPARO OU EXCLUSIÓN SOCIAL

- O Consello autoriza un novo convenio da Consellería de Política Social e Igualdade coa entidade por un importe de 196.000 euros
- Con este acordo darase atención socioeducativa e alternativas de lecer e tempo libre a arredor de 400 nenos, nenas e adolescentes

O Consello da Xunta deu luz verde a un novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador para dar continuidade ao programa socioeducativo, de lecer e tempo libre e de atención integral a nenos, nenas e adolescentes en situación de risco, desamparo ou exclusión social. O orzamento deste acordo é de case 196.000 euros, dos cales a Administración autonómica achega máis de 172.000 euros e o resto son fondos da entidade.

A Xunta leva desde o ano 2015 apoiando economicamente este programa que xa atendeu case 3.400 menores entre os 6 e os 18 anos de idade. A previsión é que este ano se beneficien deste programa outros 400.

A través desta iniciativa, trabállase cos mozos en catro eidos fundamentais. O primeiro é a atención ao desenvolvemento persoal e social, por medio de itinerarios socioeducativos individualizados e do seguimento e atención psicosocial e emocional. O segundo eixe céntrase na atención escolar, co fin de conseguir a motivación para o estudo e a aprendizaxe, e para o cal se traballa tanto co menor como coa súa familia. O terceiro é o apoio familiar, co acompañamento ás familias, e o cuarto ámbito de actuación do programa é a dinamización do lecer e o tempo libre, que inclúe a realización de actividades lúdicas e culturais para favorecer a participación social e o crecemento saudable.

Este convenio enmárcase nas accións coa infancia en situación de desprotección que impulsa a Xunta. As principais son: o programa de avaliación e tratamento terapéutico, desenvolvido en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar da Universidade da Coruña, o de inserción sociolaboral Mentor, o programa de integración familiar e o de acollemento en familia allea que se leva a cabo da man de Cruz Vermella.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A ACTIVACIÓN DA LIÑA DE PRÉSTAMOS DE ATA 1 M€ POR EMPRESA PARA APOIAR AS COMPAÑÍAS GALEGAS AFECTADAS POLOS ARANCEIS DOS ESTADOS UNIDOS

- Os créditos permitirán financiar circulante a longo prazo, cun período de carencia de ata catro anos, o dobre do habitual, para reforzar a posición das exportadoras galegas ante as novas barreiras comerciais
- Sinala que o obxectivo é compensar os efectos da nova política arancelaria e facilitarlles ás empresas galegas o acceso a mercados alternativos sen perder capacidade competitiva
- Destaca que a medida forma parte dun paquete de accións máis amplo, que inclúe asesoramento internacional, unha oficina técnica e novos servizos de consultoría para facilitar a diversificación de mercados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a activación da liña de préstamos de ata 1 M€ por empresa, cun prazo de ata doce anos e unha carencia de catro, "o dobre do habitual", para apoiar as compañías galegas afectadas polos aranceis dos Estados Unidos.

A nova modalidade intégrase na liña de financiamento empresarial en Galicia, cun orzamento global de 50 millóns de euros, e está deseñada para mitigar o impacto da política arancelaria estadounidense, reforzar a presenza internacional das empresas galegas e impulsar a súa capacidade competitiva fronte ás novas barreiras comerciais.

O Goberno galego calcula que o volume de préstamos solicitado ao abeiro desta liña poderá acadar os 10 millóns de euros durante o exercicio 2025, tendo en conta o peso das operacións comerciais cos EE.UU. en 2024. A liña está dirixida a empresas con centros de traballo maioritariamente en Galicia, que acrediten un volume mínimo de operacións comerciais cos Estados Unidos igual ou superior a 100.000 euros, ou ben que superen o 10% das súas vendas neste mercado.

O titular do Executivo galego sinalou que a posta en marcha deste instrumento financeiro complementase cun conxunto máis amplo de actuacións impulsadas pola Xunta no ámbito da internacionalización. Así, a conselleira de Economía e Industria, M^a Jesús Lorenzana, detallou que dentro do programa Reacciona, activarase un novo servizo de consultoría especializada en apertura de mercados, destinado a acompañar as empresas na súa estratexia de diversificación.

Ademais, xa está operativa unha oficina técnica de apoio, dependente da Oficina Económica de Galicia e en colaboración coa Antena do Igape en Miami, que ofrece atención personalizada e seguimento continuo da situación.

Lorenzana sinalou que desde o pasado mes de abril, a Xunta mantén un diálogo activo cos sectores económicos máis expostos á nova política arancelaria, con encontros sectoriais que abarcaron desde o agroalimentario ao naval, pasando pola biotecnoloxía,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a loxística, o metalmecánico ou os materiais de construción. Esta interlocución directa co tecido produtivo galego está a permitir identificar as necesidades reais das empresas e adaptar as respostas institucionais aos retos do contexto internacional "nun momento de incertezas".

Así, a conselleira apuntou a que "é clave ter unha resposta coordinada desde o primeiro momento" e que con esta nova liña de préstamos e o resto de medidas postas en marcha, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co tecido empresarial galego e coa súa internacionalización, na procura de acadar novos mercados e seguir medrando e gañando competitividade.

O presidente lembrou que o Goberno estadounidense ten previsto aplicar aos países da Unión Europea un incremento do 50% ás taxas dos produtos importados a partir do vindeiro 9 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA CO CONCELLO DE MONDOÑEDO O CONVENIO QUE DÁ CONTINUIDADE AO CENTRO DE XESTIÓN DA ÁREA REXURBE DO MUNICIPIO CUN INVESTIMENTO DE 175.000 €

- A Administración autonómica cofinanciará nun 60% o funcionamento deste centro, dependente da entidade local, durante dous anos, desde o 1 de xullo de 2025 e ata o 30 de xuño de 2027
- O centro funciona como punto de información, asesoramento e xestión da área Rexurbe de Mondoñedo para impulsar as actuacións de rexeneración e dinamización da área
- O Concello está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas localizadas en conxuntos históricos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Mondoñedo para dar continuidade ao centro que xestiona a área Rexurbe deste municipio.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), cofinanciará nun 60% o funcionamento deste centro dependente da entidade local, achegando un investimento de 175.271 euros. En concreto, este novo acordo terá vixencia de dous anos, desde o 1 de xullo de 2025 e ata o 30 de xuño de 2027.

Este convenio, que se renova por terceira vez, permítelle ao Concello de Mondoñedo continuar coa xestión do centro Rexurbe, favorecendo a dotación dos medios materiais e humanos necesarios para atender ás finalidades que lle encomenda a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que crea a figura destas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.

Este centro funciona como punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe de Mondoñedo, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

Área Rexurbe.

A de Mondoñedo foi a primeira área Rexurbe declarada en Galicia e o seu ámbito comprende o conxunto histórico do municipio e unha zona contigua, de características similares, que acada en total unha superficie de 0,45 km² e na cal se localizan 704 edificios e 915 vivendas.

A Área Rexurbe do Concello de Mondoñedo foi declarada polo Consello da Xunta o 13 de febreiro de 2020 e o seu plan de dinamización foi aprobado polo Consello da Xunta do 25 de febreiro de 2021. O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta dá continuidade ao centro Rexurbe, que se encarga da xestión das actuacións incluídas no plan de dinamización elaborado pola Administración local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o municipio lugués está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas situadas en conxuntos históricos. Neste eido, e como exemplo, a Xunta vén de iniciar hai apenas dúas semanas as obras de rehabilitación dun inmovble para alugueiro para menores de 36 anos na rúa Peña de Francia, 6.

A figura da Área Rexurbe creouse ao abeiro da Lei de rehabilitación de rexeneración e renovación urbanas de Galicia de 2019 co obxectivo de facilitar a recuperación dos conxuntos históricos declarados bens de interese cultural (BIC), a través da aposta por combinar e concentrar os recursos para que cheguen alí onde máis se necesitan, posibilitando a combinación de diferentes instrumentos de financiamento público-privado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN POR CASE 402.000 EUROS DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUIR 63 VIVENDAS PÚBLICAS EN PARADAI, NO CONCELLO DE LUGO

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará o contrato da redacción de proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán en catro das parcelas cedidas polo Concello, e que acadan unha superficie total de 953 m²
- Ademais destas parcelas, a Xunta tamén acadou mediante permuta as situadas na rúa Ángel Colocci e na rúa Illa Coelleira, e para esta última ten xa licitado o proxecto de 50 vivendas de aloxamento temporal e compartido para menores de 35 anos
- O Goberno galego mantén o ritmo de traballo co obxectivo de acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura e ten xa en marcha neste momento máis de 2.200 vivendas en distintas fases de execución

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 401.983 euros, da redacción dos proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 63 vivendas de promoción pública en solo permutado co Concello de Lugo, na zona de Paradai.

A Xunta, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato proximamente e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Trátase de construír 63 vivendas protexidas, garaxes e rochos nas catro parcelas cedidas polo Concello no polígono 4 de Paradai, que se corresponden coas parcelas 2, 3A, 3B e 3C situadas na rúa Paradai de Arriba e que teñen unha superficie total de 953 m².

A Xunta avanza coa licitación deste novo contrato, tras asinar o pasado 28 de maio co Concello de Lugo o convenio coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que acadou estas catro parcelas en Paradai. Ademais destas parcelas, a Xunta tamén acadou mediante permuta unha quinta na rúa Ángel Colocci, e unha sexta na rúa Illa Coelleira. Nesta última está xa en marcha a contratación da redacción do proxecto para executar 50 vivendas de aloxamento temporal e compartido para menores de 36 anos. O obxectivo da Xunta co citado convenio é impulsar un total de 137 vivendas de promoción pública, cunha estimación de 20,9M€ de investimento.

O Goberno galego continúa traballando no compromiso de incrementar o parque público residencial na cidade de Lugo, onde se están tamén a executar no barrio de Garabolos 4 inmobles que suporán máis de 460 vivendas protexidas, e no centro histórico, na rúa Catedral 18 e 22, estanse a rehabilitar 2 edificios no marco do programa Rexurbe, para 2 fogares. Ademais, a Xunta ten en marcha o concurso de ideas para a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca e todo o ámbito do UI-8 da Tinería, impulsando así unha revitalización integral do núcleo histórico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En paralelo, a Xunta está inmersa no desenvolvemento da primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, coa cal busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres. No caso de Lugo, a Xunta avanza na redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito do barrio do Sagrado Corazón, no cal se prevé a urbanización de solo para 1.200 vivendas.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo co obxectivo de lograr o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas, e neste momento ten xa en marcha máis de 2.200 vivendas en distintas fases de execución nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 15,6 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DOS PRIMEIROS MEDICAMENTOS DE TERAPIA XÉNICA PARA O TRATAMENTO DA HEMOFILIA B

- O Executivo galego autorizou a licitación da subministración sucesiva do medicamento *Etranacogen Dezaparvovec* destinado á abordaxe do trastorno de coagulación sanguínea hereditaria
- O presidente destaca que a Sanidade pública galega será pioneira en España na aplicación da terapia xénica, primeiro tratamento curativo da enfermidade
- A Hemofilia B (HB) é unha enfermidade considerada rara ao ter unha incidencia de 5/100.000 persoas
- Sinala que en Galicia, existen 8 persoas con diagnóstico de Hemofilia B susceptibles de recibir esta terapia por cumprir os criterios establecidos
- A duración inicial do contrato será de 24 meses e prevese unha posible prórroga por dous anos máis

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta autorizou o investimento de 15,6 M€ na compra dos primeiros medicamentos de terapia xénica para o tratamento da hemofilia B.

Segundo sinalou o presidente, a licitación da subministración sucesiva do medicamento *Etranacogen Dezaparvovec*, destinado á abordaxe do trastorno de coagulación sanguínea hereditaria con terapia xénica, demostra “a validez da sanidade pública” e converte a Galicia “na primeira comunidade de España en tratar con terapia xénica a pacientes con hemofilia B”.

O titular do Executivo galego sinalou que ata a aparición desta terapia non existía ningún tratamento curativo da enfermidade, e que a duración inicial do contrato será de 24 meses, cunha posible prórroga por dous anos máis.

A hemofilia B (HB) é unha enfermidade rara ou pouco frecuente, cunha incidencia de 5/100.000 varóns, de transmisión xenética, ligada ao cromosoma X e causada pola carencia ou o déficit do factor IX. Malia que esta enfermidade afecta principalmente os varóns, tamén se pode observar en mulleres portadoras de mutacións causantes dela.

Criterios de financiamento e pacientes en Galicia

A Dirección Xeral da Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia resolveu a inclusión deste tratamento na prestación farmacéutica, restrinxindo a súa aplicación aos tratamentos da hemofilia B grave e moderadamente grave en pacientes adultos sen antecedentes de inhibidores do factor IX, con tratamento profiláctico estable con factor IX recombinante de vida estendida durante, polo menos, dous anos e que presenten niveis de anticorpos neutralizantes anticápside contra AAV5 $\leq 1:678$.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda sinalou que en Galicia, o número de pacientes con diagnóstico de HB é de 51 pacientes (37 homes e 14 mulleres). Deles, "a previsión é que poidan beneficiarse 8 pacientes", os cales son susceptibles de indicación de terapia xénica, sempre e cando cumbran co resto de criterios clínicos de inclusión recollidos no Protocolo farmacoclínico de *Etranacogen Dezaparvovec*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN SANITARIA EN GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 100.000 EUROS PARA ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN

- A Consellería de Sanidade e o Clúster Saúde de Galicia asinarán un novo convenio de colaboración para a realización de eventos que fomenten a interacción entre todos os axentes implicados neste sector
- O Goberno galego potenciará, durante os próximos cinco anos, o desenvolvemento de accións que promocionen os avances na innovación sanitaria
- Entre as actividades previstas no convenio están a organización do encontro internacional RIES, a avaliación das solicitudes e iniciativas achegadas pola rede Lab Saúde ou a participación en feiras e conferencias temáticas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Clúster Saúde de Galicia, co obxectivo de impulsar unha serie de actividades que promocionen o ecosistema de innovación sanitaria da Comunidade galega.

O Executivo investirá unha partida anual de 20.000 euros ata 2029 para o desenvolvemento de actuacións que contribúan a difundir os avances que se produzan nos ámbitos da investigación e da innovación sanitaria.

Con este convenio, a Xunta dálle continuidade ao acordo acadado no ano 2019 para a creación dun ecosistema de innovación sanitaria en Galicia, co obxecto de fornecer as sinerxías entre os axentes que forman parte e participan neste sector.

Entre as accións que se executarán mediante esta colaboración destaca a realización de cinco actividades principais.

En primeiro lugar, a organización e realización anual do *Forúm RIES*, un encontro de alcance internacional en que os axentes sanitarios e sociosanitarios do ámbito da innovación en saúde (administracións públicas, universidades, centros sanitarios e empresas), tanto do sector público como do privado, comparten os retos e oportunidades que se presentan neste eido.

Así mesmo, tamén permitirá xestionar as solicitudes e a avaliación das iniciativas achegadas pola rede *Lab Saúde*, a iniciativa da Xunta en que entidades e os usuarios do sistema sanitario presentan solucións de carácter innovador (produtos, servizos, procesos ou modelos de negocio do sector biomédico) para dar resposta ás necesidades detectadas no ámbito sanitario.

A terceira das actividades que derivarán deste convenio será a organización de accións en que participen os diferentes clústeres e cuxa repercusión teña alcance nacional e internacional. Con estes eventos perséguese un dobre obxectivo: a realización dun

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

benchmarking entre clústeres (avaliación e comparación de produtos e servizos) e incentivar a colaboración e as sinerxías entre as empresas de cada clúster.

Tamén se prevé a participación en feiras, conferencias temáticas ou misións de estudo, en que estean presentes os axentes do ecosistema galego de saúde, así como promover a súa participación en convocatorias ou programas como o *Horizon Europe* e iniciativas semellantes.

A última das accións previstas será á elaboración de material promocional audiovisual, dixital, escrito -ou en calquera outro formato-, coa finalidade de proxectar as accións levadas a cabo no eidos da investigación e innovación sanitaria.

Con este convenio, a Xunta incide nun dos elementos fundamentais da actividade da Consellería de Sanidade, como é a obriga de promover a investigación e a innovación biomédica, apostando por un modelo que fomente a interacción entre o conxunto de axentes implicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO BONO TALENTO EMPRESA DOTADA CON 2M€ PARA FORMAR 1.500 PROFESIONAIS EN MICROFORMACIÓNS NON REGRADAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a terceira edición destas axudas que promoven accións formativas non formais e de curta duración á carta das necesidades das empresas e dirixidas especificamente aos seus cadros de persoal
- A iniciativa destaca pola súa flexibilidade e poden solicitarse ata tres accións formativas, cada unha de entre 16 e 100 horas, que poderán ser adaptadas no nivel de contidos, programas ou persoal docente, segundo o que precise cada compañía
- Como novidade, inclúese como un ámbito de capacitación prioritario o das tecnoloxías limpas e eficientes, que se suma aos campos do dixital, o industrial, o de xestión e o de servizos a clientes
- Coa reedición desta orde, a Xunta continúa a reforzar a súa estratexia a prol das microformacións como unha ferramenta estratéxica para atender as necesidades do tecido produtivo e reforzar as competencias e habilidades dos seus traballadores
- A iniciativa forma parte da aposta de Galicia por unha formación flexible, que se seguirá desenvolvendo co futuro decreto das microcredenciais para o traballo, unha normativa pioneira coa cal o Goberno galego busca blindar este modelo formativo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á terceira convocatoria do programa Bonos Talento Empresa, unha iniciativa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dotada con dous millóns de euros que promove a posta en marcha de accións formativas non regradas e de curta duración á demanda das necesidades particulares de cada empresa e dirixidas especificamente a mellorar os coñecementos e competencias dos seus cadros de persoal, co foco nos ámbitos dixital, industrial, de xestión, de servizos persoais e a clientes e —como principal novidade deste ano— de tecnoloxías limpas e eficientes no uso de recursos.

Co lanzamento desta nova edición —coa cal se prevé beneficiar 130 empresas e formar arredor de 1.500 persoas— a Xunta consolida a súa aposta polas microformacións, considerando absolutamente estratéxico impulsar estes modelos de experiencias curtas de aprendizaxe co obxectivo de flexibilizar a formación para o emprego e atender dous propósitos fundamentais: atender as necesidades específicas das empresas galegas e reforzar as competencias e habilidades dos seus traballadores, promovendo a recualificación e a reciclaxe continua.

A orde, de carácter bianual, publicarase nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e poderá solicitarse ata o 16 de setembro.

Detalles da convocatoria

Poden solicitar estas axudas *á carta* empresas de calquera tamaño e autónomos con persoal contratado. O importe subvencionable dependerá do tamaño da firma, cun máximo de 25.000 euros por entidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa destaca pola súa sinxeleza administrativa, exixindo só uns requisitos mínimos: que as entidades solicitantes teñan centro de traballo en Galicia e tres anos de antigüidade, e que as persoas participantes sexan traballadores/as en activo da entidade solicitante. Outra das súas principais vantaxes é que se trata dunha formación non formal e, polo tanto, non suxeita aos requisitos doutras liñas de formación máis ríxidas.

En consecuencia, os proxectos formativos —de modalidade presencial e compostos por un máximo de tres accións, cada unha de entre 16 e 100 horas— poderán adaptarse no relativo a contidos, programas, persoal docente ou lugar de realización segundo as necesidades concretas de cada solicitante. Deste xeito, preténdese que as empresas dean resposta áxil e flexible a un contorno laboral de cambios cada vez máis rápidos, especialmente no contexto da dobre transición dixital e verde.

No que respecta á realización das accións formativas, no caso da anualidade 2025 poderán impartirse desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG ata o 31 de outubro. As realizadas desde o 1 de novembro de 2025 —e ata o 30 de setembro— computarán no ano 2026.

Pulo á formación flexible e á carta

A través de instrumentos como as microformacións, Galicia aposta por un modelo formativo dinámico e adaptado ás necesidades reais dun mercado laboral en constante transformación, en coherencia coas directrices marcadas pola Unión Europea. Para afianzar esta estratexia, o Goberno galego continúa exixindo ao Executivo central unha maior flexibilidade na xestión dos fondos finalistas destinados ao emprego, co obxectivo de incrementar a eficacia das políticas activas e dar resposta ás demandas específicas de empresas e traballadores.

Neste camiño, destaca a tramitación dunha normativa reguladora pioneira, con rango de decreto, sobre as microcredenciais para o traballo. Esta iniciativa permitirá ordenar o desenvolvemento e implantación deste sistema no ámbito autonómico e, ao mesmo tempo, sentará as bases para unha transformación máis profunda do modelo formativo, baseada na flexibilidade, accesibilidade e personalización. Unha aposta pola capacitación permanente, orientada a facilitar a adaptación das persoas aos novos retos profesionais e a que as empresas poidan incorporar perfís especializados que dean resposta ás novas exigencias do mercado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O MINISTERIO DE DEFENSA REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DOS MONTES GALEGOS FRONTE OS INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre Defensa e a Consellería Medio Rural para incorporar 35 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os lumes, cun investimento de algo máis de 550.000 euros
- Este ano disporase de cinco novas patrullas terrestres que desenvolverán o seu labor na provincia de Ourense
- Con este acordo procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 35 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil do Exército.

A través deste acordo, que se asina todos os anos nestas datas, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos incendios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Así, Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e substitución da unidade das Forzas Armadas é de algo máis de 550.000 euros, unha cantidade superior á do ano pasado polo incremento de cinco patrullas terrestres que desenvolverán o seu labor na provincia de Ourense e pola actualización de prezos por parte do Ministerio de Defensa.

Por outra banda, Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 35– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. Ademais, diversificaranse as actuacións de control do territorio con cámaras e drones. O convenio terá vixencia entre o 15 de agosto e o 30 de setembro, con posibilidade de ampliación.

Pladiga 2025

O persoal do Exército, coñecido co nome de *Operación Centinela Gallego*, sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada máis de 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito, procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e os bens e, en xeral, a protección e a defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte á ameaza dos lumes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto vén completar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) que, na súa actualización deste ano, inclúe a incorporación, dentro do plan de extinción, da figura de xefe/a de loxística. Trátase dunha nova figura, a nivel operativo, que desempeñarán técnicos ou axentes en incendios complexos. Ademais, cómpre destacar tamén o incremento en preto do 19% do orzamento dedicado a formación e adestramento do persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO IIM-CSIC NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BIVALFOOD, DESTINADO A GARANTIR O FUTURO DO MARISQUEO A PÉ NA ENSEADA DE SAN SIMÓN

- Será a través do convenio, segundo o cal Mar achega máis de 234.000€, e que busca identificar as fontes de alimento dos bivalvos ao longo dun ciclo anual, caracterizar as propiedades do sedimento e da auga, e avaliar o impacto da climatoloxía extrema
- Trátase dun estudo innovador, xa que é a primeira vez que se investiga a alimentación destas especies intermareais na costa galega
- Os resultados contribuirán á mellora da xestión dos bancos marisqueiros e, polo tanto, ao aumento da súa produción

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas–Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC), para a realización do proxecto Caracterización do alimento de bivalvos de interese marisqueiro no intermareal da enseada de San Simón: dispoñibilidade, factores ambientais e ferramentas para a súa xestión (BIVALFOOD), para o período 2025-2027, por importe de 234.675 euros.

A actuación, que se realizará en colaboración coa Confraría de Pescadores de Vilaboa, pretende avaliar se os bivalvos de interese marisqueiro teñen suficiente alimento ao longo do ano para determinar os factores que favorecen ou impiden a dispoñibilidade do dito alimento.

Malia a importancia dos microfitobentos, microorganismos fotosintéticos clave na dieta dos bivalvos infaunais, o seu papel nos bancos marisqueiros intermareais de Galicia foi pouco estudada, descoñecendo a súa variabilidade estacional e os factores que afectan a súa abundancia. Por iso, esta iniciativa busca identificar as fontes de alimento dos bivalvos ao longo dun ciclo anual, caracterizar as propiedades do sedimento e da auga que favorecen a súa dispoñibilidade, e avaliar o impacto de eventos climáticos extremos, como vagas de calor ou grandes riadas. A partir destes datos, proporcionaranse ferramentas para facilitar a toma de decisións no sector do marisqueo a pé e mellorar a súa xestión.

Iniciativa pioneira

Este estudo é innovador porque é a primeira vez que adopta a decisión de investigar a alimentación dos bivalvos intermareais de interese marisqueiro nas costas galegas e porque presenta un enfoque centrado nas microalgas bentónicas, en lugar das planctónicas, como se asumiu ata o de agora.

Os resultados desta investigación proporcionaranlle ao sector marisqueiro da enseada de San Simón e doutras zonas de interior das rías galegas datos científicos clave para a toma de decisións, co obxectivo de xestionar e recuperar os bancos marisqueiros intermareais, cuxa produción diminuíu drasticamente nos últimos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Apoio decidido ao sector

Garantir o marisqueo en Galicia implica asegurar a sustentabilidade da actividade, tanto en termos de explotación dos recursos mariños como da economía e do emprego nas zonas costeiras. Isto pasa por unha xestión responsable dos recursos, o cumprimento das leis e regulacións vixentes, a promoción da innovación e a investigación, e o apoio ao sector con medidas económicas e sociais.

Polo tanto, este proxecto nace do apoio estratéxico que a Consellería do Mar mantén con este sector, co fin de asegurar a súa rendibilidade e tamén como despensa de máxima calidade para os galegos e as galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREPARA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA

- Esta será a terceira orde de achegas para este fin, cuxa contía é de 12.000 euros anuais por persoa afectada
- Galicia é a primeira comunidade Autónoma en prestar apoio económico ás persoas diagnosticadas e ás súas familias

O Goberno galego está a tramitar unha nova orde de axudas para este ano, dirixida a persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica (ELA). O Consello da Xunta avaliou esta mañá un informe sobre estas achegas, que teñen unha contía de 12.000 euros anuais e que benefician uns 200 doentes.

Esta será a terceira convocatoria destas axudas que concede a Consellería de Política Social e Igualdade e para as cales reserva no seu orzamento 2,4 millóns de euros. Galicia é a primeira comunidade autónoma que desenvolve unha medida como esta, que ten como obxecto apoiar economicamente as familias nas necesidades que van xurdindo na evolución desta doenza.

A ELA supón para os afectados e as súas familias un incremento dos gastos máis básicos da vida cotiá. Estas achegas pódense destinar á adquisición de axudas técnicas para a mobilización e produtos de apoio (guindastres, cadeiras de roda, colchóns especiais ou camas articuladas), para a adaptación funcional do fogar (por exemplo: melloras de accesibilidade en baños ou dormitorios, así como a colocación de elevadores ou ascensores) ou para a compra de vehículos adaptados.

Tamén se poden utilizar para o pagamento de servizos de fisioterapia, de rehabilitación ou de atención psicolóxica, entre outros coidados asistenciais. As persoas beneficiarias poden solicitar un pagamento anticipado da axuda, que ademais é compatible con calquera outro servizo ou achega económica pública.

Atención preferente

Galicia é pioneira nestas axudas ás persoas con ELA e tamén o é na posta en marcha dun proceso asistencial integrado para axilizar a atención.

Este procedemento dá prioridade ás persoas con ELA a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico, e a nivel social, coa creación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia e para que así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

A Xunta insiste na necesidade de que o Goberno central dote de financiamento a Lei ELA, en vigor desde novembro do ano pasado, xa que é moi importante que as persoas afectadas conten canto antes co apoio que necesitan para enfrontar a súa situación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO AUTORIZA Á XUNTA A INTERPOÑER UN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA O REAL DECRETO LEI QUE IMPÓN A REPARTICIÓN DE MENORES MIGRANTES ÁS CC.AA.

- O Executivo autonómico toma esta decisión tras o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia
- Rueda apunta que o decreto lei invade unha competencia propia das autonomías

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello da Xunta autorizou hoxe a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto lei 2/2025, do 18 de marzo, sobre a repartición de menores migrantes non acompañados, que o Goberno central impón ás comunidades autónomas, despois de recibir o pronunciamento favorable do Consello Consultivo de Galicia (CCG). "O dictame deste órgano consultivo dá varias razóns e argumentos xurídicos. O principal é que hai unha invasión clara das competencias autonomías", destacou o presidente.

O Consello Consultivo de Galicia emitiu un ditame no cal indica que esta norma invade as competencias autonómicas en materia de asistencia social e protección de menores. No seu pronunciamento, este órgano sinala que o Real decreto - lei sería inconstitucional, cando menos, en seis artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións finais.

Neste sentido, o ditame do CCG destaca que, malia que o Estado invoca as competencias en materia de inmigración e estranxeiría para fundamentar a regulación do RDL, en realidade estamos ante unha materia vinculada ás competencias de asistencia social, que lle corresponde en exclusiva á comunidade autónoma. O titular do Executivo galego apuntou que o ditame cuestiona a existencia do acordo unánime sobre o que descansa a regulación, xa que na súa falta (para o que bastaría o voto en contra, por exemplo, do representante estatal na Conferencia sectorial) a intervención pasa a ser estatal, co que se impide a participación da Comunidade no que debe ser un proceso colaborativo: "Trátase dun decreto sen obxectivar e sen ter en conta ás que teñen que prestar os servizos, que son as comunidades autónomas", salientou Rueda.

O Consello Consultivo tamén cuestiona o uso do Real decreto lei para este suposto, xa que se trata dunha figura á cal se debe recorrer en casos de urxente e extraordinaria necesidade, tal como se recolle no artigo 86 da Constitución. Neste caso non estaría xustificado, ao ser unha situación que se vén producindo nos últimos oito anos. Nesta liña, o Consultivo lembra que desde 2022 se produciron varios acordos sobre esta materia na Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia.

Tras a valoración favorable por maioría do Consello Consultivo de Galicia, Rueda anunciou que a Xunta vai interpoñer o recurso de inconstitucionalidade ante unha norma que considera que invade competencias autonómicas, que "prexudica claramente o sistema de protección da infancia", e que deseña un modelo que obriga a Galicia a empregar os seus propios fondos para prestar un servizo que vén imposto polo Estado sen consenso previo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, Rueda apuntou que a Xunta de Galicia sempre votou a favor das distintas reparticións de menores migrantes non acompañados no seo da Conferencia Sectorial de Infancia e Adolescencia, xa que todos eles se realizaron de xeito consensuado, planificado e con financiamento por parte da Administración xeral do Estado, que é o que segue demandando o Goberno galego "Galicia non se vai negar nunca a ser solidaria, pero demandamos que as cousas se fagan ben, con planificación e financiamento", salientou. Pola contra, o Real decreto - lei anula o consenso e a participación das comunidades autónomas, e opta pola vía da imposición, ao tempo que o propio Goberno central recoñeceu que non prevé achegar financiamento por estes traslados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ESTÁ A DESENVOLVER MÁIS DE 5 MILLÓNS DE M² DE SOLO INDUSTRIAL EN 23 POLÍGONOS, DOS CALES 11 ESTARÁN REMATADOS A FINAIS DE 2028

- No período 2025-2028 o Goberno galego investirá arredor de 95 millóns de euros para desenvolver estas 11 actuacións que suporán un incremento do 60% no solo empresarial dispoñible
- A estratexia da Xunta busca facilitar o asentamento de novas compañías en Galicia e ampliar as que xa están instaladas, e ter un desenvolvemento industrial homoxéneo en toda a Comunidade
- Nesta liña, en 2025 creáronse novas figuras de desenvolvemento e aceleración de solo, como as zonas de aceleración de proxectos empresariais e solo (ZAPES) ou as zonas industriais rurais (ZIR)
- Ademais, o Executivo galego tamén puxo en marcha axudas por importe superior a 27 millóns de euros co obxectivo de mellorar e modernizar os parques empresariais de Galicia e incrementar a súa competitividade

A Xunta de Galicia está a desenvolver máis de cinco millóns de m² de solo industrial en 23 polígonos empresariais, dos cales 11 estarán rematados a finais do ano 2028 co obxectivo de facilitar a implantación e o crecemento das empresas, e contribuír á creación de emprego, de xeito especial, no sector empresarial.

Desta maneira, no período 2025-2028 o Goberno galego investirá arredor de 95 millóns de euros para desenvolver estas 11 actuacións que suporán un incremento do 60% no solo empresarial dispoñible, que pasa de 705.961 m² a 1,8 millóns de m².

Así se desprende dun informe analizado hoxe na reunión do Consello da Xunta, centrado no desenvolvemento de solo empresarial na Comunidade Autónoma, que recolle que destes 23 parques industriais, seis están na provincia da Coruña, cinco na de Lugo e Ourense, respectivamente, e outros sete na provincia de Pontevedra.

Cómpre ter en conta que, desde a súa creación, a sociedade Xestión do Solo de Galicia desenvolveu un total de 8,3 millóns m² en 2.672 parcelas, ao cal hai que engadir outros 2,9 millóns m² de solo empresarial desenvolvidos polo IGVS en 1.346 parcelas.

1,1 millón de m² máis de novo solo industrial en 2028

En canto ás 11 actuacións en áreas empresariais que o Goberno galego prevé ter executadas a finais do ano 2028, e que suman 1,1 millóns de m² de novo solo industrial, son a fase C do polígono coruñés de Arteixo e o ourensán de Xinzo de Limia P2, que estarán executadas xa en 2025 e que supoñen case 139.000 m²; en 2026 prevé ter executadas as fases IV-V-VIIA do parque empresarial das Gándaras en Lugo, con 103.657 m²; no ano 2027, a Xunta terá finalizada previsiblemente a execución da ampliación do parque empresarial de Meira e de Palas de Rei en Lugo, e o de Lalín 4ª fase en Pontevedra, cun total de 175.000 m². E, finalmente, xa en 2028, o obxectivo é ter rematadas a fase A de Carballo e a fase 1 de Coristanco na Coruña; a fase VIIB das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gándaras en Lugo; a ampliación do polígono industrial de San Cibrao das Viñas en Ourense; e o de Ponte Ccaldelas en Pontevedra, o que suma 690.373 m² máis. En total, nestes catro anos a Xunta porá á disposición das empresas 1,1 millóns de metros cadrados de novo solo empresarial nas catro provincias galegas.

As restantes actuacións que o Executivo autonómico está a desenvolver son as da Sionlla, Cabana de Bergantiños, fase B de Carballo, Santa Comba, O Corgo, Xove, O Carballiño-Maside, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar; O Campiño, Mos-Redondela, Poio-Fragamoreira, Toedo, MI Plisan, e a fase D de Arteixo.

Deste xeito, o Goberno galego continúa coa súa estratexia de facilitar o asentamento de novas industrias en Galicia e ampliar as que xa están instaladas, e desenvolver solo naqueles concellos que teñen necesidade e onde as empresas están esperando para poder asentarse.

Nesta liña, en 2025 puxo en marcha novas figuras de solo empresarial que permiten reducir os prazos para o seu desenvolvemento e que buscan facilitar tamén que a iniciativa privada poida desenvolver áreas empresariais, especialmente naquelas localizacións onde existe demanda real por parte dos promotores.

A zona de aceleración de proxectos empresariais e solo (ZAPES) ofrécelles axilidade e facilidade a aqueles proxectos que precisan solo de maneira urxente e que permite a tramitación conxunta para a creación de solo empresarial en áreas con demanda para proxectos industriais estratéxicos. Permite simultanear a tramitación dun proxecto de interese autonómico para a creación de solo empresarial, coa tramitación dun proxecto industrial estratéxico, con prazos o máis reducidos posible, dentro da normativa básica vixente.

Por outra banda, está a zona industrial rural (ZIR), dirixida a favorecer a implantación de iniciativas empresariais e industriais de menor envergadura en áreas rurais, a redución dos prazos de inicio das actividades económicas, a creación de empregos e o impulso e a dinamización demográficos. Esta figura está dirixida a concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

Mellora dos parques empresariais

Nos últimos anos, a Xunta tamén puxo en marcha axudas por importe de máis de 27 millóns de euros co obxectivo de mellorar e modernizar os parques empresariais de Galicia e incrementar a súa competitividade. Estes apoios contribúen á modernización das instalacións dos polígonos industriais e facilitan que as empresas dispoñan dos servizos e infraestruturas que necesitan para levar a cabo a súa actividade. Neste sentido, trátase de ofrecer un mellor servizo para favorecer a fixación e implantación de compañías e promover o emprego local.

As axudas buscan mellorar, entre outros aspectos, a implantación de iluminación pública eficiente, as plantas de depuración de auga, a xestión de residuos, infraestruturas viarias, así como servizos centralizados de subministración de gas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hidróxeno verde, a seguridade, competitividade ou facilitar a obtención de certificacións, selos ou marcas nas áreas empresariais galegas.

O informe analizado hoxe tamén aborda o arranque dos traballos da maior auditoría enerxético-ambiental realizada ata a data nos portos e polígonos industriais de Galicia. Este proxecto pioneiro en España e en Europa vai permitir reducir custos enerxéticos e avanzar na descarbonización das actividades industriais e portuarias das 315 instalacións -193 polígonos e 122 portos- da Comunidade galega, e chegar arredor de 10.000 empresas, das cales 3.000 son industriais.

Un pilar esencial do proxecto será a avaliación exhaustiva das infraestruturas enerxéticas como as redes eléctricas, os centros de transformación, as subestacións e as redes de gas e distribución. Os traballos comezarán este mesmo mes de xuño e prologaranse ao longo de 12 meses. Todas as accións están orientadas a propoñer solución de autoconsumo renovable, implantar sistemas de almacenamento enerxético, mellorar a eficiencia dos procesos industriais e optimizar a mobilidade, contribuíndo, deste xeito, a reforzar a competitividade empresarial e a acadar os obxectivos europeos de sustentabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA OS DATOS XEOGRÁFICOS NUNHA PLATAFORMA INTELIXENTE QUE PERMITE CONTROLAR O TERRITORIO PARA MELLORAR A SÚA XESTIÓN E OS SERVIZOS PÚBLICOS

- O Consello recibe un informe sobre o estado de execución da Plataforma Territorio Intelixente, que xa ofrece aplicacións de información xeográfica, datos compartidos, xestión e análise da información e automatización de procesos
- A Plataforma está preparada para acoller sistemas que emitan alertas de xeito automático ante cambios detectados, para adiantar a resposta ante catástrofes naturais ou fallos en estruturas, como edificios ou pontes, e infraestruturas de comunicación ou subministracións
- Permite dispoñer e procesar datos como a calidade do aire, a mobilidade, o consumo enerxético, o ruído ambiental ou calquera fenómeno que requira respostas inmediatas
- A Plataforma facilita a toma de decisións e a predición a través de modelos intelixentes, como os xemelgos dixitais
- O sistema estase a usar en iniciativas como a Dixitalización dos Camiños de Santiago e en servizos como o portal de Meteogalicia, a xestión do medio rural, a loita contra os incendios ou a xestión do patrimonio

O Consello de Goberno recibiu hoxe un informe sobre a evolución da Plataforma Territorio Intelixente, que integra os datos xeográficos e de sensores para monitorizar o comportamento do territorio co obxectivo de mellorar a súa xestión e os servizos públicos de Galicia.

A Plataforma Territorio Intelixente integra datos procedentes dos sistemas de información xeográfica, a información das diferentes consellerías e unidades da Xunta, os datos procedentes de sensores instalados no territorio, os proporcionados polos satélites ou os procedentes doutros dispositivos, como os vehículos aéreos non tripulados. Toda esta información é normalizada para que poida ser compartida e xestionada de acordo cos estándares, e procesada para que poida ser utilizada para mellorar as políticas territoriais e os servizos públicos a través de aplicacións prácticas.

O territorio intelixente implica o uso da tecnoloxía para abordar problemas públicos, fomentar o desenvolvemento económico e mellorar a calidade de vida das persoas. A Plataforma desenvolvida pola Xunta recompila e adapta aos estándares das ferramentas tecnolóxicas toda a información dispoñible sobre o territorio para que poida ser utilizada con estes criterios polos diferentes departamentos da Administración. O uso de tecnoloxías de alto impacto, como o Big Data, a aprendizaxe automática, a internet das cousas ou a intelixencia artificial permite, ademais, dispoñer de maior cantidade de datos e de mellor calidade. A Plataforma foi concibida como un *sistema de sistemas* que integra os compoñentes que xa existían anteriormente con novos elementos específicos para integrar datos masivos en tempo real e usar as potencialidades das novas tecnoloxías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Servizos que ofrece a Plataforma

Na actualidade, a Plataforma ofrece xa servizos para o desenvolvemento e posta en marcha de aplicacións xeográficas adaptadas ás necesidades da Administración pública, como a creación de mapas e visores de información xeográfica; a edición directa de datos sobre o visor ao servizo da inspección ou as actualizacións urbanísticas; a impresión de mapas en múltiples formatos, ou a creación de visores con funcionalidades de cálculo e optimización de rutas para a planificación de servizos loxísticos ou xestión de emerxencias.

Ofrece tamén utilidades relacionadas coa publicación e o consumo de servizos de información xeográfica, como a conversión dos datos aos estándares internacionais e a posibilidade de exportalos e compartilos.

Por outra banda, a Plataforma permite a xestión e a análise de datos en aspectos como a realización de procesamentos avanzados, interpolacións de datos, análises estatísticas ou xeración de modelos predictivos. Isto facilita, por exemplo, a xestión de áreas nas que non se dispón de datos reais; o procesamento e a análise masiva de grandes cantidades de datos para, entre outros aspectos, detectar tendencias e padróns espaciais, ou analizar e interpretar fotografías procedentes de satélites ou vehículos non tripulados.

Entre os servizos da Xunta que están xa a utilizar a Plataforma están o portal de Meteogalicia, a xestión do medio rural, a xestión dos incendios forestais ou a xestión do patrimonio e inventario de bens patrimoniais.

Potencialidade da Plataforma

A Plataforma pode, así mesmo, desenvolver a automatización e a aplicación de intelixencia de procesos para, por exemplo, xerar alertas e respostas automáticas ante cambios nos datos xeográficos ou os detectados por sensores en estruturas, como edificios ou pontes, e infraestruturas de comunicacións ou subministracións. Permite tamén organizar datos de sensores, como os da Rede galega da internet das cousas (iCousas), sobre calidade do aire, ruído ambiental, consumo enerxético, mobilidade ou calquera outro fenómeno que requira resposta inmediata.

Traballo desenvolvido ata agora para a posta en marcha da Plataforma

Para a súa posta en marcha foi necesario crear un modelo de goberno do sistema con estándares técnicos e procedementos, así como desenvolver unha infraestrutura tecnolóxica integrada con outras actuacións da Xunta, como a iniciativa Civil UAV de vehículos aéreos non tripulados, ou a Rede galega da internet das cousas (iCousas).

Houbo tamén que crear e consolidar servizos de información xeoespacial de alto valor engadido, como os que se están a desenvolver para a dixitalización dos Camiños de Santiago.

O orzamento para a posta en marcha da Plataforma é de 6,6 millóns de euros procedentes de fondos Feder, do Programa europeo para a recuperación dos territorios (REACT EU) e de fondos propios da Comunidade. Na actualidade, a Plataforma está a experimentar unha transformación decisiva para converterse no soporte tecnolóxico

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

principal do Xemelgo Dixital de Galicia (cun orzamento de 2,9 millóns de euros) e outros modelos predictivos como os que se levan a cabo coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a recuperación e dinamización da terra agraria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA EMITE BONOS SUSTENTABLES POR VALOR DE 500 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR PARTE DA SÚA DEBEDA

- A Comunidade Autónoma realizou unha nova emisión destes bonos, orientados a proxectos sustentables, verdes e sociais
- A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, pon de manifesto a súa confianza na economía e nas finanzas da Comunidade

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe sobre a nova emisión de bonos sustentables nos mercados financeiros por importe de 500 M€, que se lanzou a pasada semana. Estes bonos están orientados a investimentos sociais e ambientais, á economía verde e sustentable e vinculados á Axenda 2030.

A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, pon de manifesto a súa confianza na economía e nas finanzas da Comunidade, debido ao seu marco institucional, económico e xurídico estable, que lles achega certeza, seguridade e credibilidade. Isto permítelle a Galicia ter un bo acceso aos mercados de capitais.

Tamén lle permite cubrir as súas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións. A emisión de Galicia tivo o custo máis reducido entre todas as comunidades autónomas que lanzaron este tipo de débeda en formato sostible. A ampla demanda de investidores, por importe superior a 1.800 millóns de euros, permitiu reducir o custe final da emisión en 6 puntos básicos sobre o tipo inicial de referencia, fixándose nun 2,78%.

Nesta emisión houbo unha importante presenza de investidores estranxeiros de alta calidade, o que demostra a solvencia da Comunidade Autónoma. De feito, na distribución xeográfica sobresaí a participación de máis do 65% de investidores estranxeiros, entre os que destacan Portugal e Alemaña.

A Xunta está executando o programa de financiamento para 2025, aínda que ao aprobarse tamén o orzamento deste ano en equilibrio orzamentario, por segundo ano consecutivo, a formalización destas operacións non suporá un incremento de novo endebedamento para a Comunidade.

Sustentabilidade no PEG

A Comunidade galega ten un forte compromiso coa sustentabilidade, recollida no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG). No ámbito financeiro, este compromiso materialízase no Marco de financiamento sustentable, que implica o compromiso de utilizar os recursos de débeda para proxectos sustentables, orientados a investimentos sociais e ambientais.

Comunidade de referencia no control do endebedamento

A responsable xestión financeira do Goberno da Xunta fixo que Galicia sexa a comunidade autónoma que menos incrementou o seu endebedamento nos últimos 16 anos. Por esta razón, Galicia é a comunidade autónoma de referencia no control do seu endebedamento, cun nivel de débeda 6,4 puntos inferior á media das CC.AA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Respecto ao peso sobre o PIB, Galicia reduce a súa débeda en 1,2 puntos no primeiro trimestre de 2025 en relación ao mesmo período do ano anterior. Na comparativa entre comunidades autónomas, Galicia sitúase como a 4ª de réxime común con menor percentaxe de débeda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á TRAMITACIÓN DO PROXECTO PARA DOTAR A VAC TUI-A GUARDA DUN ENLACE COMPLETO CO POLÍGONO DE AREAS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 1,6M€

- O Goberno galego someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto de trazado para poder aprobalo no outono, proceder á redacción do proxecto construtivo e licitar as obras
- O obxectivo é a execución dos ramais en sentido Tomiño para completar os movementos do enlace de Areas, dentro da VAC Tui-A Guarda, mellorando as conexións do polígono situado neste punto
- O ramal de saída a Tomiño sitúase na marxe dereita da vía de alta capacidade e resolve o movemento de saída do polígono de Areas en sentido A Guarda
- O ramal de entrada a Tomiño sitúase na marxe esquerda da VAC e resolve o movemento de saída da autovía en sentido Tui cara ao enlace de Areas
- Disporase unha senda peonil adxacente á vía de conexión co polígono, que permita a circulación de viandantes de forma segura e sustentable
- A actuación súmase ao treito que conectará o enlace de Areas coa PO-350, entre Tui e Tomiño, cun investimento de máis de 17M€ e cuxas obras comezarán nas vindeiras semanas

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á tramitación do proxecto para dotar a vía de alta capacidade Tui-A Guarda dun enlace completo co polígono de Areas, que suporá un investimento de preto de 1,6M€.

O Goberno galego avaliou hoxe o informe que dá conta da aprobación provisional e a próxima información pública do proxecto.

En relación co trámite de información pública, realizarase nos vindeiros días e durante o prazo dun mes, para poder aprobar o proxecto no outono e a continuación redactar o proxecto construtivo e licitar a execución das obras.

O obxectivo do proxecto é a execución dos ramais en sentido Tomiño para completar os movementos do enlace de Areas, dentro da VAC Tui-A Guarda, mellorando as conexións do polígono situado neste punto.

A actuación consiste en duplicar o paso inferior baixo a autovía, cuxa execución está contratada no marco da obra do treito entre o enlace de Areas e a estrada PO-350.

O ramal de saída a Tomiño sitúase na marxe dereita da vía de alta capacidade e resolve o movemento de saída do polígono de Areas en sentido A Guarda. O ramal de entrada a Tomiño sitúase na marxe esquerda da VAC e resolve o movemento de saída da autovía en sentido Tui cara ao enlace de Areas.

Ademais, disporase unha senda peonil adxacente á vía de conexión co polígono, que permita a circulación de viandantes de forma segura e sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Esta actuación súmase ao treito licitado en xaneiro, que conectará o enlace de Areas coa estrada PO-350, entre os concellos de Tui e Tomiño. A intervención, cun investimento de máis de 17M€, comezará nas vindeiras semanas.

Na actualidade está en servizo o treito da VAC Tui–A Guarda, entre Goián e A Guarda, cunha lonxitude de 10,15 km, que percorre os concellos de Tomiño, A Guarda e O Rosal, e que entrou en funcionamento en 2014.


O Goberno galego planificou unha execución por fases, que dialogou cos principais axentes institucionais e económicos implicados e que estableceu a priorización deste treito inicial de Tui, incluíndo o enlace de Areas.

De forma paralela a estas actuacións, a Axencia Galega de Infraestruturas segue progresando na tramitación dos seguintes treitos ata Goián.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXECUCIÓN DA REPARACIÓN DUNHA OBRA DE DRENAXE NA ESTRADA PO-331 EN GONDOMAR, CUN INVESTIMENTO DE CASE 500.000€

- O Goberno galego declarou de emerxencia esta actuación para arranxar os danos ocasionados na obra de drenaxe do punto quilométrico 17+600 desta vía
- Neste punto produciuse o socavamento dunha senda de formigón e do terreo anexo como consecuencia do colapso dunha obra de drenaxe transversal
- Cómpre actuar de xeito urgente na reparación deste punto co fin de garantir a evacuación eficaz das augas e asegurar a estabilidade estrutural
- As actuacións consisten na extracción da tubaxe danada, a preparación do asento para instalar a nova configuración da obra de drenaxe, a execución dun pozo e a reconstrución do terraplén
- O tráfico desviarase por un treito antigo da estrada e regularase con semáforos o paso alternativo para os dous sentidos de circulación
- A Xunta calcula que estas obras poderán estar rematadas á volta do verán

A Xunta executa a reparación dunha obra de drenaxe na estrada PO-331 en Gondomar, cun investimento de case 500.000€.

O Consello da Xunta declarou hoxe de emerxencia esta actuación para arranxar os danos ocasionados na obra de drenaxe do punto quilométrico 17+600 desta vía autonómica.

Neste punto produciuse o socavamento dunha senda de formigón e do terreo anexo como consecuencia dun fallo no sostemento dunha obra de drenaxe transversal.

Unha vez realizada a inspección, confirmouse que a tubaxe se encontra deteriorada e que, ademais, impide unha evacuación eficaz das augas.

Dadas estas circunstancias, cómpre executar os traballos necesarios para restituír a funcionalidade da obra de drenaxe e asegurar a súa estabilidade estrutural.

As actuacións consisten na escavación da calzada para a extracción da tubaxe, a preparación do asento para instalar a nova configuración da obra de drenaxe, a execución dun pozo e a reconstrución do terraplén e reposición do firme.

Para executar estes traballos, o tráfico desviarase por un treito antigo da propia estrada PO-331, e regularase con semáforos o paso alternativo para os dous sentidos de circulación. Por ese mesmo treito antigo tamén se habilitará un espazo para o tránsito peonil.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas calcula que os traballos poderán estar rematados á volta do verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA MÁIS DE 3.400 ACTIVIDADES ESTE VERÁN EN 200 CONCELLOS COA CAMPAÑA 'PARA GUSTOS, CULTURA'

- O Consello dá o visto e praxe ao informe en que se recolle a programación estival para xuño, xullo, agosto e setembro, con propostas de interese cultural
- O obxectivo da campaña é achegar unha oferta descentralizada e diversificada, especialmente tras a posta en marcha da Lei de cultura inclusiva e accesible
- Trátase dunha axenda que abrangue proxectos propios do Goberno galego e outros en colaboración coas administracións locais e entidades privadas
- Comprende máis de 1.300 accións vencelladas a ciclos de artes escénicas, música, maxia, circo ou produción audiovisual e 43 exposicións en centros públicos
- Destacan as máis de 400 actividades organizadas ao redor de festivais musicais e doutra tipoloxía, ademais de programas xa consolidados como 'Cultura no Camiño'

A Xunta de Galicia impulsa máis de 3.400 actividades culturais en 200 concellos para este verán ao abeiro da campaña *Para gustos, cultura*, un programa que abrangue tanto proxectos propios como en colaboración con outras administracións públicas e entidades privadas. Así o sinalou hoxe o Consello, onde se deu conta do informe que reúne todas as propostas de interese cultural que durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro se estenderán por toda a Comunidade.

Trátase dunha axenda que lles dá continuidade ás campañas estivais anteriores, desenvolvidas en 2023 e en 2024, cando se levaron a cabo 2.500 e 2.700 accións, respectivamente. Así, a programación engloba todo o sector cultural, e o Goberno galego asume un papel proactivo na xeración de contidos, poñendo o foco en todo tipo de público, desde a cativada e a mocidade ás familias e á xente de maior idade, e chegando a todo o territorio, con especial sensibilidade no rural, máis especialmente este ano coa entrada en vigor da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, impulsada desde a Xunta, e que ten por obxectivo eliminar barreiras de toda índole no acceso á cultura.

Precisamente, na liña deste regulamento, o Executivo autonómico aposta por unha oferta diversificada e descentralizada promovendo a creatividade e a diversidade cultural en todas as súas facetas. Facilítase así, con esta campaña, unha programación para todos os gustos ao longo de todo o territorio, dando pulo a multitude de expresións artísticas cunha tipoloxía de propostas moi variada.

Deste xeito, organízanse máis de 1.300 actividades que teñen que ver coas artes escénicas, a produción audiovisual, circuítos de danza, maxia, música, circo e distintos espectáculos de rúa. A eles súmanse máis de 500 accións de dinamización da cultura, ademais das propostas artelladas nos equipamentos xestionados pola Xunta, como son os museos, os arquivos e as bibliotecas, onde, ademais de exposicións, tamén se ofrecen múltiples opcións de lecer lúdico e cultural para todos os públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa responde ao obxectivo de atender as necesidades e os intereses de toda a poboación, propondo, baixo o paraugas de *Para gustos, cultura*, desde grandes eventos a outros de pequeno formato, e facendo fincapé este ano no arraigamento da cultura popular con propostas que teñen que ver coa poesía oral e as cantareiras, homenaxeadas este ano polas Letras Galegas, ou coa celebración do *Ano Castelao*.

Así mesmo, cómpre destacar que nos vindeiros días se vai pór en marcha en medios de comunicación e redes sociais a campaña para informar detalladamente da oferta e chegar á maior cantidade de poboación posible, e que se incorporarán recomendacións diarias e resumos semanais. Ademais, a programación pode consultarse na [Axenda de Cultura de Galicia](#).

Música e festivais

A música, en todas as súas vertentes, é unha das disciplinas principais da oferta de verán da Xunta, cun calendario de actuacións que vai desde a música tradicional galega, as bandas e os grupos e artistas de raíz como Ugía Pedreira, Milladoiro ou A Roda, a concertos de moi diferentes estilos como a lírica ou os sons máis actuais, apostando en gran medida polo talento galego.

Neste sentido, destacan as máis de 40 citas musicais da Rede Galega de Música ao Vivo ou os festivais organizados baixo a marca Fest Galicia, como é o Sinsal ou o SonRías Baixas. A eles hai que sumarlles outros encontros consolidados no estío, como o *Atardecer no Gaiás*, que chega, na súa décimo quinta edición, cun cartel de 13 artistas.

En total artéllanse arredor dos festivais, tanto musicais como doutra tipoloxía, máis de 400 iniciativas. Exemplo desta variedade son os festivais audiovisuais, como o FIC Bueu, os de narrativa, como Atlántica, ou os de artes escénicas, como a Mostra de Teatro de Ribadavia ou o Festival Agustín Magán de Teatro Afeccionado. Son propostas ás cales se engaden máis de 600 actuacións nos concertos do Xacobeo, promocionados polo Goberno galego.

Espectáculos e artes escénicas

Os meses de verán supoñen tamén unha boa oportunidade para achegarse a proxectos escénicos de gran calidade, un eido en que cobra especial protagonismo o Centro Dramático Galego, a unidade teatral da Xunta, que pon sobre as táboas neste tempo 69 actuacións.

En canto a espectáculos, tamén cómpre salientar o programa *Cultura no Camiño*, que percorre os concellos das rutas xacobeas con multitude de funcións, superando as 300, para todo tipo de público, con especial atención ao familiar. Tamén outro recoñecido ciclo, *Danza 3*, ten programadas 10 citas para os próximos meses.

Exposicións e dinamización cultural en museos e bibliotecas

Este verán o público poderá gozar de 43 exposicións nos museos, bibliotecas e arquivos xestionados pola Xunta, ademais das 640 actividades organizadas nestes espazos para completar a súa oferta cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, entre as mostras, destaca a experiencia inmersiva *Castelao. Mirar por Galicia*, coa que se convida na Cidade da Cultura a interactuar de maneira virtual co universo do intelectual homenaxeado este ano; a proposta do Museo de Belas Artes, que con *A Barca de Caronte. A travesía vital de Isaac Díaz Pardo*, fai un percorrido polas súas múltiples facetas, ou unha das exposicións do Centro Galego de Arte Contemporánea, *Priscilla Monge. Cuestións de vida ou morte*.

Pola súa banda, ao abeiro dos centros da Rede de bibliotecas públicas que coordina o Goberno galego, ofrécense obradoiros, campamentos e accións de animación á lectura, entre as cales destaca o programa *Ler conta moito*, co obxectivo de fomentar o hábito lector entre a cidadanía. Ademais, *A Furgoteka*, o servizo de bibliotecas móbiles, achega estas actividades a 30 municipios das provincias de Lugo e Ourense a través das súas tres rutas. Moitas das propostas nestes centros corresponden ao desenvolvemento do Plan Corresponsables Cultura, un programa de conciliación para as familias a través destes espazos, centrado en espertar a curiosidade pola cultura nas idades máis temperás.

Lingua, lectura e apoio á creación artística

Promover o uso e a valoración positiva da lingua tamén é unha das claves da tempada de verán. Así, a través do programa *Falaredes* poranse en marcha arredor de 40 actividades por toda Galicia, que se suman a outras iniciativas de impulso do galego.

Ademais, a programación complétase con máis de 400 propostas nas oito feiras do libro que teñen lugar durante o verán, e coas residencias artísticas, nas cales as persoas participantes poden desenvolver e compartir os seus coñecementos. É o caso das residencias literarias de San Simón e as da Cidade da Cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORTALECE A COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA DE GALICIA CO REFORZO DO APOIO AOS CONCELLOS PARA PROMOVER A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS NESTE ÁMBITO

- O Consello analizou un informe sobre a convocatoria de 2025 das axudas para apoiar a asistencia de artesáns do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia a feiras de todo o mundo e financiar a súa organización desde concellos ou asociacións de artesáns
- A ela a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina 265.000 euros e, como novidade nesta edición, sobe a cantidade máxima de axuda no caso dos concellos para a organización tanto de feiras monográficas como non monográficas
- Da convocatoria de 2024 destas achegas beneficiouse un total de 85 entidades, a gran maioría obradoiros artesáns de Artesanía de Galicia que grazas a estes apoios puideron asistir a feiras nacionais e internacionais para impulsar os seus proxectos
- Estas achegas enmárcanse no Plan estratéxico de comercio de Galicia, que inclúe medidas a prol da comercialización da artesanía para promocionala como xeito de emprendemento ligado ao territorio e promover a remuda xeracional no sector

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de axudas de 2025 para o fomento da comercialización da artesanía de Galicia, na cal a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración reforza o apoio aos concellos para promover a organización de feiras neste ámbito. Ademais dos concellos, desta convocatoria tamén se poden beneficiar os obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e as asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás.

De feito, dos 265.000 € de orzamento con que conta esta orde, que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia*, 180.000 euros están destinados aos artesáns e ás artesás, 50.000 aos consistorios e 35.000 ás asociacións. Con esta nova edición o Goberno galego fortalece a comercialización dos produtos da marca Artesanía de Galicia e continúa apoiando a asistencia a feiras e a súa organización atendendo á importancia deste sector en Galicia, tanto no ámbito social e cultural como no relacionado coa xeración de emprego e riqueza. De aí a importancia de dar continuidade a medidas como esta, enmarcadas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030.

No caso dos concellos, como novidade desta convocatoria, soben as contías máximas de axuda tanto para a organización de feiras monográficas -as que son dun mesmo oficio tradicional- como non monográficas -as que inclúen distintos oficios-. Para as feiras monográficas, a cantidade máxima de apoio sobe a 18.000 euros, fronte á anterior, que era de 15.000, e, no caso das non monográficas, poderá ser de ata 8.000 euros en función da porcentaxe de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que participen. Ata o de agora, a cantidade máxima podía chegar ata os 3.000 euros.

Máis detalles da convocatoria

Ademais, con estas achegas a Xunta apoia a asistencia a feiras profesionais ou feiras de venda directa, de ámbito nacional e internacional, por parte de obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, financiándolles aspectos como o alugueiro do espazo expositivo, seguros, servizos de carácter básico e obrigatorios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sinalados polo Regulamento das feiras, servizos de tradución e transporte profesional do material expositivo, entre outros. Os obradoiros beneficiarios poderán recibir unha subvención máxima de 8.000 euros a través de tickets por feira, que irán dos 400 euros de mínimo en feiras de venda directa aos 3.000 euros de máximo en feiras profesionais, pasando polos 1.500 euros para feiras de Nadal.

En canto ás axudas a concellos e asociacións profesionais ou empresariais de persoas artesás, outórganse para que organicen feiras en Galicia que poñan en valor os distintos oficios ao tempo que os obradoiros implicados aumentan vendas. En concreto, subvenciónanse gastos de infraestrutura, servizos feirais e de publicidade, entre outros. No caso das asociacións de artesáns, diríxense a aquelas en que, cando menos, o 80% dos seus membros, cun mínimo de 10, figuren inscritos como obradoiros artesáns no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, e as achegas poden chegar aos 18.000 euros con feiras ou eventos de artesanía de máis de 30 obradoiros involucrados, e tamén poden optar a apoios para manter as súas páxinas web, maiores segundo o número de inscritos de Artesanía de Galicia que representen.

Da convocatoria de 2024 destas achegas beneficiouse un total de 85 entidades, a gran maioría obradoiros artesáns de Artesanía de Galicia que grazas a estes apoios puideron asistir a feiras nacionais e internacionais para impulsar os seus proxectos.

Aposta pola artesanía de Galicia no Plan estratéxico do comercio

Estas axudas exemplifican a aposta da Xunta a prol da artesanía de Galicia, a través da Fundación Artesanía de Galicia e da marca Artesanía de Galicia, que se reflicte tamén no Plan estratéxico de comercio de Galicia 2025-2030, no cal se inclúen distintas medidas para apoiar a comercialización de produtos artesanais, organizar e colaborar en eventos de comercialización, así como para promocionar a artesanía como xeito de emprendemento ligado ao territorio e promover a remuda xeracional no sector. Neste ámbito destaca o evento *Corazón da Artesanía. XII Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, que terá lugar os días 4, 5 e 6 de xullo no recinto histórico-artístico dos Pendellos de Agolada (Pontevedra). A maiores, o Goberno autonómico desenvolve o programa pioneiro en España *Aprender da tradición. Oficios e técnicas*, que promove a conservación dos oficios tradicionais da man da innovación, a profesionalización no sector, a atracción de talento mozo e a remuda xeracional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AXUDAS PARA OS PRODUTORES DA IXP FABA DE LOURENZÁ CO FIN DE APOIALOS ANTE AS CONDICIÓN METEOROLÓXICAS ADVERSAS DAS ÚLTIMAS COLLEITAS

- Estas achegas, que contan cun orzamento de 72.000 euros, teñen como obxectivo cubrir os sobrecustos de produción derivados destas situacións, especialmente tras as choivas da primavera de 2024 que fixeron aparecer ataques fúnxicos
- Prevese que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* na segunda quincena de xuño
- A liña de achegas súmase a outras accións co obxectivo de apoiar a IXP Faba de Lourenzá, como o impulso da formación a través de xornadas no Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias de Ribadeo

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural no cal se recolle a convocatoria dunha liña de axudas cun orzamento total de 72.000 euros para os produtores da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Faba de Lourenzá, co obxectivo de cubrir os sobrecustos de produción derivados das condicións meteorolóxicas adversas que afectaron as colleitas dos últimos anos, especialmente tras as choivas da primavera de 2024 que fixeron aparecer ataques fúnxicos. Prevese que a convocatoria se publique no *Diario Oficial de Galicia* na segunda quincena do mes de xuño.

Poderán beneficiarse destas achegas as persoas físicas e xurídicas titulares de explotacións agrarias situadas na área xeográfica delimitada para esta IXP. A explotación beneficiaria deberá estar inscrita no Rexistro de plantacións da indicación e terá que ter feita a declaración de sementeira correspondente ao ano 2024.

A contía da axuda será de 2.000 euros por hectárea sementada. De acordo cos datos con que conta a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, o número de persoas potencialmente beneficiarias da axuda é de dezanove, e a superficie sementada foi de preto de 36 hectáreas. Así, preténdese cubrir a totalidade da demanda potencial de axuda.

Con estas achegas poderase fortalecer o sector agroalimentario, un dos piares da economía galega, que destaca no conxunto de España pola variedade e calidade da súa oferta, que conta cun amplo abano de indicativos de calidade diferenciada. Estes indicativos de calidade constitúen unha importante ferramenta no desenvolvemento rural, fixando poboación e creando riqueza e valor engadido nestas zonas.

Medidas complementarias

A liña de achegas súmase a outras accións levadas a cabo polo Goberno autonómico co obxectivo de apoiar a IXP Faba de Lourenzá, como o impulso da formación a través de xornadas no Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias de Ribadeo.

O obxectivo destas accións é explicar as vantaxes e oportunidades do emprendemento cooperativo, promover o coñecemento de novas producións en ámbitos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agroalimentarios, entre outras, así como realizar unha análise completa da situación que está a vivir a faba de Lourenzá na nosa Comunidade.